

**ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

Proceso de selección para a provisión en propiedade dunha praza vacante con código 02.01.01.02, de persoal Auxiliar de Axuda a Domicilio, pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Ponteareas (no momento da publicación da Convocatoria da OPE 2018), e na actualidade encadrada no Grupo 3, subgrupo 3 do Convenio, mediante quenda libre, incluída na Oferta Pública de Emprego do ano 2018, publicada no DOG núm. 130, de 10 de xullo de 2019. Bases do proceso de selección publicadas no BOP de Pontevedra, núm. 96, de 20 de maio de 2022.

**ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO SEGUNDO EXERCICIO, EXENCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

O día 07/03/2023, ás 8:00 horas, en sesión telemática, reúnen os seguintes membros do tribunal de selección co obxecto de resolver as alegacións ao segundo exercicio, determinar ou non a necesidade de realizar a proba de galego, e no seu caso, formular a proposta de contratación.

Presidenta: D<sup>a</sup> Elizabeth Mella Lorenzo

Secretario: Jorge Rial Martínez

Vogais:

D. Fernando José Benasach Torres

D<sup>a</sup>. Laura Osorno Iglesias

Asesora: D<sup>a</sup>. Lara Carrera Martínez

Existindo quórum, iníciase a sesión

**ALEGACIÓNS FORMULADAS AO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.**

O día 3 de marzo de 2023 publicáronse as puntuacións do segundo exercicio da fase de oposición no taboleiro de anuncios electrónico e na páxina web: <https://www.ponteareas.gal>, no apartado de emprego público. As persoas aspirantes tiveron un prazo de dous días hábiles a



contar dende o día seguinte á publicación dos resultados para formular as alegacións que considerasen.

Dentro do prazo establecido presentou alegacións a seguinte persoa aspirante:

- Doval Lins, Zarina (03/03/2023, con número de rexistro de entrada 2334)

Solicita a revisión da súa puntuación (non fundamenta o motivo).

Revisada a puntuación e, tendo en conta que a interesada non argumenta a súa desconformidade coa mesma, o tribunal acorda por unanime manter a puntuación outorgada.

### **EXENCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

As bases de selección establecen que só realizarán o terceiro exercicio, de carácter obrigatorio e non eliminatorio, aquelas persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel CELGA 2 ou equivalente.

O Tribunal de selección comproba que todas as persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio da fase de oposición contan co CELGA 2 ou equivalente, polo que quedan exentas da proba, outorgándose a cualificación máxima (2 puntos).

### **PUNTUACIÓN FINAL**

As bases establecen que finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública a puntuación final total dos/as candidatos/as que teñan superado o proceso selectivo, cunha relación dos/as finalmente seleccionados/as para a ocupación da praza convocada, propoñendo, asemade, a contratación, como persoal laboral fixo Auxiliar de Axuda a Domicilio, en igual número ás vacantes convocadas, en base á puntuación acadada polos/as aspirantes; proposta que se elevará á Alcaldía, para que, con arranxo ás competencias recoñecidas ao efecto, proceda a resolver a devandita contratación.

De conformidade co anterior, a puntuación final obtida polas persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo é a seguinte:

APellidos e Nome	CONCURSO	1º EXERC	2º EXERC	3º EXERC	PUNT. FINAL
RODRIGUEZ OUTERELO, CECILIA	10	12,9	6	2	30,90
GROBA FERNANDEZ, ROSA BLANCA	7	12,56	5	2	26,56
DOVAL LINS, ZARINA	1,8	17,87	3,75	2	25,42
ARGUELLES LANDER, MARIA SUSANA	3,9	13,23	3,75	2	22,88
RODRIGUEZ FERNANDEZ, MONICA	3	12,56	5	2	22,56
PEREZ MARTINEZ, MARIA JOSE	1	11,32	4	2	18,32
BELLO BARCIA, ANABEL	0	10,08	3,5	2	15,58

### PROPOSTA DE NOMEAMENTO

Tendo en conta canto antecede, o tribunal de selección **propón a Alcaldía a contratación de RODRIGUEZ OUTERELO, CECILIA, como Auxiliar de Axuda a Domicilio, persoal laboral fixo, pertencente ao grupo 5 do Convenio Colectivo do Concello de Pontearreas, para ocupar a praza con código 02.01.01.02.**

Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao tribunal (Alcaldesa) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónico municipal.

O secretario do tribunal,

Jorge Rial Martínez

*Documento asinado electrónicamente*

